

# Notas pra un programa da Unión de Mocedades Galeguistas

**E**stes apuntes que agora comenzo a publicar pretenden ser o limiar ensaio para o estudo do movemento galeguista mozo. Pois o Programa que no seu día terán de construír tódalas Mocedades Galeguistas axuntadas será o primeiro documento que xunguirá todo o que no dominio da teoría ben credo ese movemento e o alicerce para as súas creacións do porvir. Xa que ten de se basar na experiencia da loita de varios anos na vangarda galeguista e ten de servir fundamentalmente de vencello coordinativo da idea e a acción, da teoría e a práctica na loita revolucionaria da mocidade galega pola liberdade da súa Patria.

## DA ORGANIZACIÓN DAS MOCEDADES GALEGUISTAS

Anque niste senso a MG é independente, entre ela e o PG debe existir unha interna relación orgánica asegurada por unha representación recíproca; debe existir, pois, un número preciso de galeguistas no seo das MG.

Séguese diso o camiño para organizar a Mocidade Galeguista alí onde existe un grupo do PG: uns cantos mozos deste grupo constitúen un comité organizador, chaman a outros mozos de fóra do Partido a unha xuntanza, sérvense do Regulamento-tipo, nomean un Comité directivo e comezan o traballo e o espallamento.

Han facerse grupos e delegacións en tódalas cidades, vilas e aldeas de Galiza, así como nas colonias de emigrados.

Deberán, así mesmo, ter intervención en tódalas actividades da mocidade, en sociedades agrarias e obreiras estudantís, organizacións deportivas e culturais, artísticas, etc., etc. Onde a MG teña membros afeitos a ela. Estes membros constituirán naquelas actividades seccións da MG, que percurarán e conquistarán o control delas.

Así como o Partido é minoritario, as Mocidades Galeguistas deben ser aberta e estensamente populares, de masas de xuventude, puideramos dicir ■

XAIME ISLA. Galiza (Vigo), setembro de 1933

*A Nosa Terra 312, 2-X-1933*

## Cartas á FMG Falar e facer

**M**ozos:  
Falouse de abondo xa. Estamos ateigados de literatura; máis achámonos enxoitos de acción. É hora de preguntarnos o que levamos decorrido no vieiro longo e difícil da liberación da Patria.

Ollaremos para o noso corpo, varado, para as nosas máns, quedas, para os nosos beizos pechados en berros inéditos.

Dicimos que somos patriotas; e imos matar actividade nas horas dos paseos, do cine, do café. Dicimos que somos patriotas: e enchemos de berros o silencio do noso cuarto. Dicimos que somos patriotas: e imos durmir emocións á beira das nosas noivas.

E non. Somentes bendicindo coa propia suor o traballo cotián; somentes deitando sangue de esforzos polas rúas e polos campos; somentes enchendo de berros rebeldes de sagra indignación patriótica tódolos ventos da Terra, poderemos chegar ao conquerimento do noso degoiro supremo.

E así: trocaremos en suma de heroicos esforzos a vida imaxinativa dos poetas. E aínda aos poetas que queden temos de dicirles: non podedes cantar a unha muller cando milleiros de mulleres da vosa mesma sangue agardan o voso berro apostólico da exaltación racial: non podedes cantar os íntimos e persoais feitos, que somentes son alicerce para a debilidade do voso equilibrio sensíbel, cando milleiros de homes da vosa mesma raza agardan o berro de loita que os empurre cara á xeira triunfal da redención colectiva. Mataredes a lírica que somentes serve de vagar feminino aos ánimos grandes, porque tedes que cantar a gloriosa épica do patriotismo. Por iso non podedes cantar os feitos miúdos de sempre, as cousas cativas de todo lugar, cando tendes que facer o himno que conmove e poña as xentes galegas en pé de revolta pola Patria escravizada.

Temos que dispoñernos con temple arriscado ao conquerimento do trunfo definitivo. Sobran verbas. Con azos para o traballo, con ardencia para a loita. Con fe nos nosos destinos. Con esperanza na vitoria. Fai máis un sacrificado pola Causa que cen discursos poéticos.

Os ollos postos no límite da nosa estrela, o peito adiante como bandeira ao vento, teñamos forteza, pois, para caer vitoriosamente fronte ao filisteo imperialista, coa arenga da morte pola liberdade nacional nos beizos, no pensamento e no corazón.

Con ledicia. Loitando e sufrindo; nos campos, nas rúas, no cárcere ou na morte mesma. Sempre ledos.

Por cada un de nós que caía serán cen os que se erguerán mañá. O berro do sacrificado trocarase nun coro de vitoria.

X. ILLA COUTO

N. DA R. ¡Por fin apareceu o artigo dun mozo tal como nós imaxinabamos que debían ser os mozos galeguistas!

Incisivo e cheo de quentura, denuncia unha chata que nós viñamos notando na actuación das Mocidades dende que disfrutaban de plena autonomía para enroitala por si mesmas.

Hai exceso de literatura e falla de acción.

Que este clarinazo do irmán Illa sexa escoitado por todos e determine a rectificación da conduta que se precisa para que a FMG cumpra eficazmente a súa misión ■

*A Nosa Terra* 345, 25-VIII-1934

## Cartas á FMG Índice

*Para todos os irmáns en xeral, e aos amigos Ferreiro e Vázquez Martín, singularmente.*

**L**evamos un ano percorrido en procura da meta das liberdades nacionais —liberdade interna, conciencia nacional polo camiño da formación patriótica; liberdade externa, *imperium* de Galicia, polo camiño da política revolucionaria ou activa. Etapa inicial que significou non indecisión, como dixo o irmán Vázquez Martín (porque os feitos, poucos ou moitos, motorizados pola FMG foron producidos de xeito decisivo), nin literatura e ensoño, como puidera facer supoñer a miña primeira carta —á que magnificamente acusou recibo a MG de Celanova na voz de Ferreiro— (pois tampouco e por desgraza, produciu moita literatura o noso movemento neste ano). Significou, mellor, preparación, afinamento, seguridade; foi, ante todo, aquilo: a etapa inicial precisa ao desenvolvemento progresivo e integral, sen a cal este desenrolo non se podería producir normalmente.

Nós non *irrompemos* na vida total galega; nós producimos o noso primeiro andar por pasos contados, comezando primeiro a mensurar os pasos.

Nacemos ante un panorama de tebras só cunha ruta diante, firme e segura, pero que estaba dentro de nós mesmos; por iso o noso primeiro ademán foi apalpar as tebras, procurar basamento



e solidez, durmindo se acaso un pouco en lene sensación de gravidade.

Polo menos temos a experiencia do que se fixo e do que se debería facer. É agora que cómpre, ensaiada unha acción definitiva, abrazar o traballo decisivo. Empular un movemento orgánico en todas as actividades posíbeis da Patria nunha disciplina de enerxías e esforzos inesgotábeis. A nosa idea nacional chegou xa a unha unidade en nós. A nosa vindeira Asemblea dará constitución real e material a esa idea. Nela comezará a súa realización ■

ILLA

*A Nosa Terra* 361, 13-IV-1935

## No plano de acción da Mocidade Os irmáns e a irmandade

### SEGUNDA NOTA

As actividades de todos os irmáns virán dirixidas polas autoridades xerárquicas da organización ou pola súa propia iniciativa onde aqueles non cheguen e sempre en beneficio final da Patria. Para aquelas rexen as normas orgánicas apuntadas na nota primeira.

Outra orde considera no irmán patriota actividades para consigo mesmo tocantes a súa propia formación, que son previas

como base para toda outra, e actividades para cos máis, na formación doutros irmáns ou futuros irmáns.

Incluimos aseguído e singularmente neses aspectos, estas:

1. Estudar a Historia, Literatura, Economía e problemas galegos, etc., coñecer a vida e a obra dos grandes galegos; auto-educación do carácter e sentemento galeguista; practicar o excursionismo, a hixiene, e tamén a ximnástica ou algún deporte; adquirir, pequena ou grande, unha biblioteca galega, onde non falten as obras máis importantes da nosa Cultura e do Nacionalismo; subscribirse aos periódicos e revistas patrióticas; protexer o Seminario de Estudos Galegos e outras institucións ou obras de exaltación nacional; falar e escribir arreo en galego, cantar as nosas cantigas e bailar as nosas danzas nas festas; cantar o himno e usar a nosa bandeira, levándoa a todas partes onde un vaia, poñéndoa en lugar preferente da habitación; mercar produtos nacionais, etc., etc.

2. Promover e axudar de todos os xeitos a formación nacionalista dos amigos ou mozos que se traten; ensinar a nosa lingua, Literatura, Historia, Xeografía, etc.; prestar libros galeguistas, espallar follas e folletos de propaganda; contribuír á difusión das nosas publicacións e de todas as manifestacións culturais e artísticas; traballar para que todas as bibliotecas adquiran libros galegos e na formación de bibliotecas galegas nas aldeas, sociedades, etc; propagar as nosas entidades, os produtos galegos, etc.; empregar persoal galego, etc., etc.

### TERCEIRA NOTA

O xeito da nosa vida íntima é a irmandade. A irmandade é o clima moral e afectivo do nacionalismo galego. Baixo o signo dos mitos patrióticos desenrólase a irmandade na educación das virtudes raciais nun ambiente garimoso e fidel. Para un mozo patriota todos os máis patriotas non son compañeiros, camaradas, amigos ou simples señores, son irmáns e sinxelamente

como irmáns deberán ser tratados uns e outros. Ten de existir absoluta fiducia e perfecta compenetración entre todos; por iso, non poden prosperar no seo da irmandade nacionalista da mocidade galega xenreiras ou rencores persoais que poidan afondar máis alá de simples discrepancias ideolóxicas ou temperamentais alleas á nosa Causa, pois o coñecemento e o sentimento, a vontade e o esforzo totais da nosa Marcha deberán seren a suma perfecta dos coñecementos e sentimentos, vontade e esforzos de todos os irmáns nunha suprema integración.

A irmandade axeitará conseguintemente un vencello simbólico en todas as nosas manifestacións: nos saúdos, nas letras, nos signos, nos himnos, nas cantigas, etc., etc. Outras formas prácticas desta irmandade: nas tertulias, peñas e xuntanzas de galeguistas de todas as localidades; os mozos nacionalistas deberán seren amigos antre si e axudarse sempre dando exemplo magnífico do seu vencello afectivo en toda hora e situacións; as visitas e excursións de irmáns dun grupo aos outros, singularmente das vilas e cidades ao campo e viceversa; na correspondencia; e intertroques interaxudas para isto é menester a confección inmediata e espallamento do censo informativo de irmáns da FMG, etc., etc ■

ILLA





**XAIME ISLA**  
*Raíz e utopía de Galicia*

  
EDITORIAL GALAXIA

Fundación  
Isla Couto

